


# RÍO TAMBRE

(Adela Leiro, Mon Daporta)




<b>NACEMENTO E FONTES</b>	Serra do Bocelo (Porta-Sobredo) Cabeceiras: Caxide, Rodelo-Lagoa de Sobrado.
<b>LONXITUDE</b>	124,5 km
<b>PERCORRIDO</b>	Poboacións: Sobrado, Ponte Carreira, Sigüeiro, Negreira. Pontenafonso
<b>DESEMBOCADURA</b>	Ría de Muros e Noia (Océano Atlántico)
<b>CONCA</b>	Superficie: 1530 km <sup>2</sup> CONCELLOS: Sobrado, Curtis, Vilasantar, Boimorto, Mesía, Frades, Arzúa, O Pino, Oroso, Ordes, Trazo, Tordoia, Santiago de Compostela, Val do Dubra, Ames, A Baña, Brión, Negreira, Outes, Mazaricos, Noia e Lousame.
<b>SERRAS MÁIS IMPORTANTES</b>	NORTE: Castelo, Montemaior, Castromaior, Tieira. SUR: Oleirón, O Castelo, O Bocelo. LESTE: O Bocelo.
<b>AFLUENTES DEREITA</b>	Cabalar, Gándaras, Maruzo, Samo, Lengüelle, Paradela, Dubra, Portolaxe, Barcala, Pequeno, Corzán, Xallas, Donas. <b>Río Cabalar:</b> nace no monte Enxameado (Curtis) e xúntase co Tambre en Mezonzo (Vilasantar). <b>Río Lengüelle:</b> nace no Mesón do Vento e xúntase co Tambre en Sigüeiro. <b>Río Dubra:</b> nace no Monte Castelo e xúntase co Tambre en Portomouro. <b>Río Barcala:</b> nace no monte do Castro e xúntase ao Tambre en Negreira, no encoro Barrié de la Maza.
<b>AFLUENTES ESQUERDA</b>	Balla, Pequeno, Mera, Sionlla.
<b>FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS</b>	Despois de nacer na Serra do Bocelo o Tambre discorre mainamente no seu curso alto para encaixarse lixeiramente no seu curso medio e ir fondamente encaixado no tramo final do seu percorrido, pouco antes da desembocadura onde forma un amplo esteiro. Nalgúns dos seus afluentes abundan as fervenzas: Corzán, Dubra, Lengüelle, Chavielos, Cabalar...
<b>CLIMA</b>	Atlántico
<b>TIPO DE RÉXIME</b>	Pluvial. Presenta augas altas de decembro a marzo e estiaxe en agosto.
<b>CAUDAL</b>	54,1 m <sup>3</sup> /s
<b>FLORA</b>	Ao longo do curso do Tambre e os seus afluentes consérvanse bosques de ribeira con amieiras, salgueiros, freixos, bidueiros, abelairas, sabugueiros, sanguíños, carballos... Nas beiras do río hai unha rica representación de especies que gustan da auga e das zonas húmidas: fentos (dentabrú, blechno, fento macho, fento femia...), brións, molinia, espadainas, xuncos, salgueiriño, amenta de auga, amarelle, ranúnculos, oucas, pe de boi, reina, adelfiña, herba centella, espiga de auga... Destaca a Devesa de Nimo, no último tramo do Tambre antes do encoro de Barrié de la Maza.
<b>FAUNA</b>	A fauna do río é moi variada. Podemos atopar peixes (troita, espiñento, vermella, escalo, anguía...), reptis (cobra sapeira, cobra de colar...), anfibios (ras, limpafontes, salamántiga galega...), mamíferos (lontra, rata de auga, aguaneiro...), insectos (gaiteros, libeliñas, zapateiros, percebellas, mosquitos, frigáneas, barqueiros...), arañas, caracois de auga, e numerosos seres microscópicos. Nas beiras viven aves de ribeira (merlo rieiro, picapeixes, lavandeira) e de bosque (ferreiriños, papuxa...), lesmas, sapos, insectos... O Tambre é un dos poucos ríos galegos onde se atopa a <i>Macromia splendens</i> , un cabalo do demo en perigo de extinción en toda Europa.
<b>APROVEITAMENTO</b>	Subministro de auga para as poboacións, a agricultura e a industria; pesca; lecer; enerxía hidroeléctrica. O Tambre ten cinco encoros, Fecha (Santiago de Compostela), Mezonzo (Vilasantar), Tambre (Brión), Tambre I e II (Noia). Ademais hai varias centrais nos seus afluentes.

<b>ESPAZOS PROTEXIDOS</b>	<p>O curso do Tambre está protexido parcialmente como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais e LIC en dous espazos: “Esteiro do Tambre” e “Río Tambre”.</p> <p>“Río Tambre”: protexe parte do curso do río Tambre (desde o cruce co Sionlla en Trazo ata Oroso) e parte do curso dos seus afluentes: Lengüelle (cos seus afluentes Mercurín e Cabron), Samo, Maruzo (co seu afluente o Gaitero), o Mera e o Sionlla</p> <p><b>Lagoa de Sobrado.</b> Os monxes de Sobrado represaron nunha lagoa, arredor do 1500, os regos Caxide e Rodel que baixan da serra do Bocelo. Aquí comeza o seu camiño o río Tambre. Ten unha gran importancia a nivel botánico e faunístico. Acolle unha importante poboación de aves acuáticas invernantes, sobre todo anátidas.</p> <p>Destaca a presenza de dúas especies de interese europeo: <i>Isoetes velatum</i> e a alga <i>Nitella flexilis</i> (única cita en España), polo que está considerada Zona Húmida de Importancia Europea).</p>
<b>DATOS HISTÓRICOS</b>	<p>Toda a cunca do Tambre estivo poboada desde tempos moi antigos e conserva importantes restos históricos e etnográficos: castros, mámoas, mosteiros, igrexas, núcleos históricos, pontes, muíños, batáns...</p> <p>Na década de 1920 construíuse en Noia a primeira gran central hidroeléctrica galega, promovida pola <i>Sociedad Gallega de Electricidad</i>, cun edificio deseñado por Antonio Palacios.</p>
<b>TRADICIÓNS- LENDAS</b>	<p><i>Pasei a Ponte Maceira con unha vela encendida agora tomei amores para toda a miña vida”</i> (Popular)</p> <p><i>Pasei a Ponte Nafonso paseina de pedra en pedra coas bágoas dos meus ollos fixen crecer a marea.</i> (Popular)</p>
<b>CURIOSIDADES</b>	<p>Noutros tempos no Tambre había lampreas e salmóns, pero desapareceron despois da construción de encoros entre Negreira e a desembocadura.</p> <p>Na Devesa de Nimo consérvanse <b>rodeiras</b> (pozos rodeados con pedras para capturar as lampreas e os salmóns) e pesqueiras (onde se colocaban redes de pesca de lamprea).</p>
<b>PROBLEMAS</b>	<p>Contaminación, encoros, especies invasoras...</p>

# RÍO TAMBRE

NACEMENTO: SERRA DO BOCELO



DESEMBOCADURA: Ría de Noia (Océano Atlántico)